

Nome: _____

Curso: _____

Data: _____

1 Marca as situacións comunicativas en que se producen textos expositivos.

- Unha médica explícale os síntomas dunha doença a un paciente.
- Un vendedor exponille a un cliente as vantaxes dun novo produto para convencelo de que o quere.
- Un camareiro enumera os pratos do menú para informar os comensais do que poden pedir.
- Unha meteoróloga comunica a predición do tempo para a fin de semana.
- Unha persoa le o pregón das festas na praza dunha vila.

2 Explica o significado destas palabras de orixe árabe e busca un sinónimo no cadro para cada unha delas.

- alfaia
- alfândega
- alfaiate
- alcume

sobrenome - xastre - aduana - xoia

3 Agrupa os seguintes nomes xermánicos segundo sexan antropónimos (nomes de persoa) ou topónimos (nomes de lugar).

- | | |
|-------------|--------------|
| • Afonso | • Gondomar |
| • Amil | • Estramundi |
| • Gonzalo | • Trasulfe |
| • Guillermo | • Elvira |

4 Xustifica o emprego das maiúsculas neste anuncio.



5 Copia o texto utilizando as maiúsculas cando corresponda.

por defuntos e por san martiño tamén son tradicionais os zonchos, é dicir, castañas cocidas coa tona e atravesadas cun fío para formar un rosario ou collar que os nenos e mozos levan ao pescozo mentres as comen. Non hai moitos anos, ainda se vendían o día de san martiño na feira dos caballos de francos (calo, teo). rosalía de castro empeza o seu libro cantares gallegos cunha cantiga popular que os menciona.

CLODIO GONZÁLEZ PÉREZ,
As festas cíclicas do ano (adaptación)

6 Copia as seguintes oracións utilizando as maiúsculas cando sexa necesario.

- vicente risco, nado en ourense, colaborou na revista nós e é autor da obra o porco de pé.
- vai frío agora! marcho poñer un xersei. vémonos despois.
- la voz de galicia regalou un libro con motivo do día das letras galegas.
- o deportivo da coruña e o celta de vigo xogarán a final da liga de campións! dígocho eu!
- comprácenos convidalos a vde. e mais ao seu acompañante á festa de xubilación do dr. barreiro.
- a meu curmán aleixandre chámalle o fervello porque é incapaz de estar quieto un minuto.
- esta tarde imos ver un piso que está en alugueiro moi preto das oficinas da xunta de galicia.

7 Delimita o suxeito e o predicado destas oracións e identifica o seu núcleo.

- As árbores en flor embelecen a paisaxe.
- A túa irmá gustanlle molto as motos.
- Alí apareceron unha serie de arqueolóxicos.
- Marcharon de excursión os nenos do camping.
- Cambia de número o núcleo do suxeito e explica o que lle ocorre ao núcleo do predicado.

8 Clasifica as oracións deste texto segundo a súa modalidade.

Non trouxeches o libro que che dixen? Volve á casa a buscalo! Que tarde! Xa non chegamos. Oxalá o autobús veña pronto, que non vas más rápido? Xa deben ser as oito ou as oito e media. Pónome tan nerviosa contigo! Mañá, por favor, non esquezas nada. Ao mellor pídolle a meu pai que nos leve no coche. Bule!

9 Indica se as seguintes afirmacións sobre os textos narrativos son verdadeiras (V) ou falsas (F). Despois, explica por que resultan incorrectas as falsas.


- O narrador externo pode ser protagonista da historia que relata.
- Os personaxes secundarios non levan o peso central da acción.
- Os feitos da historia sempre se relatan seguindo unha orde cronolóxica lineal.

1 Imaxina que tes que redactar un texto expositivo sobre un dos seguintes temas. Elixe o que che resulte máis interesante e procura información ao respecto.

- Causas e consecuencias do cambio climático.
 - A importancia da actividade física e da alimentación para unha vida saudable.
- Elabora un esquema que recolla a estrutura da exposición e describe brevemente os puntos que habería que tratar en cada unha das partes.

2 Moitos topónimos de orixe xermánica rematan en *-iz*, *-mil* e *-monde*. Consulta un mapa de Galicia e localiza os nomes de cinco núcleos de poboación que conteñan algunha destas terminacións.

3 Os elementos representados nas seguintes fotografías teñen nomes de orixe árabe. Escríbeos.



4 Copia o texto no caderno usando as maiúsculas cando corresponda.

estimada sabela:

como van as cousas por pontevedra? eu xa teño moitas ganas de que remate o verán para marchar e comezar a carreira na universidade de santiago. o outro día estiven buscando piso, comprei varios xornais, entre eles la voz de galicia, e farteime de mirar xunto co meu curmán.

que ben o imos pasar o ano que vén! ademais, el é moi bo cociñeiro, na casa ata lle chaman o arquiñano! o único malo é que é moi aficionado ao fútbol, así que teremos que ver o seu adorado deportivo todas as fins de semana.

non teño moito máis que contar. a semana que vén irei a arzúa á festa dos botes, espero que teñas a fin de semana libre e poidas vir. pasáremolo moi ben e devolvereicte o libro de agustín fernández paz que me emprestaches. moito me gustou!

5 Relaciona os elementos das dúas columnas e copia o nome de cada autor ou autora a carón do título da súa obra. Ao facelo, utiliza as maiúsculas que sexan necesarias.

- | | |
|-----------------------|----------------------------|
| álvaro cunqueiro • | • folhas novas |
| rosalía de castro • | • ilustrísima |
| eduardo blanco amor • | • xente de aquí e de acolá |
| carlos casares • | • os biosbardos |

6 Transforma estas oracións enunciativas en enunciados interrogrativos e exclamativos.

- Saleta virame ver en xullo.
- Este xersei non é de la.
- Imos todos xuntos á praia.
- As bases do concurso publicaranse mañá.
- A exposición inaugúrase este serán.
- Descubriron unha nova vacina para a enfermidade causada por ese virus.

7 Le este texto narrativo e responde.

O can e a carne

Unha vez un can roubou un bo anaco de carne e escapou con el. Ao chegar a unha ponte sobre un río, viu reflectida na auga a carne, pero por efecto da distorsión, a porción da imaxe pareceu lle moito maior ca a que el levaba na boca. Pensando que se trataba dun anaco diferente, o can pousou a súa carne e baixou ao río a buscar a parte que imaxinaba más avultada.

Mergullouse varias veces, pero non atopou nada. Mentre estaba nestas, un raposo que pasaba por alí pillou o anaco de carne e engulpouno.

Saíu o can, canso de buscar inutilmente, e atopouse sen o seu anaco de carne. O raposo, que estaba no alto dunha pena, berroulle:

—Ai, compadre, aconséllolle que outra vez non deixes o certo polo dubidoso!

O can, que comprendeu o que pasara, dixo:

—Máis vale unha segura ca dúas en dúbidas.

XOSÉ MIRANDA E OUTROS,
Contos de animais I (adaptación)

- Que tipo de narrador relata os feitos?
- Quen é o protagonista?
- Trátase dunha narración popular ou culta?
- Que ensinanza trata de transmitir o relato?

ACTIVIDADES


Nome:

Curso:

Data:

1 Le este texto expositivo e responde.

O alfabeto fenicio é un antigo sistema de escritura consonántico (carecía de signos para representar vogais) utilizado polos fenicios para rexistrar a súa lingua.



Este alfabeto tivo unha extraordinaria difusión ao longo do Mediterráneo e moitas culturas adaptárono aos seus idiomas con variantes. Unha das causas do seu éxito foi a sinxeleza que o caracterizaba: tratábase dun alfabeto de natureza fonética en que cada son se representaba cunha única letra. Xeralmente, escribíase de dereita a esquerda.

O sistema de escritura fenicio foi adoptado polos gregos para crear o seu propio alfabeto e este, á súa vez, foi utilizado polos romanos para configurar o sistema que é a base do actual alfabeto latino.

- A que tipo de destinatarios crese que se dirixe o texto? Marca e xustifica a escolla.
 - A estudiosos especializados nos sistemas de escritura antigos.
 - A lectores que non teñen coñecementos específicos sobre alfabetos antigos.

- Escribe dous posibles títulos para o texto que se axusten ás seguintes características:
 - Un enunciado que sexa unha oración con modalidade interrogativa.
 - Un enunciado que sexa unha oración con modalidade enunciativa.

- Elabora un esquema que represente o contido e a estrutura do texto.

2 Clasifica estes termos prerromanos segundo o campo semántico a que pertencen.

Se che cómpre, utiliza o dicionario.

árbores - arbustos
terreos - animais

- | | | |
|-------------|---------------|------------|
| • rodaballo | • carballeiro | • centola |
| • gándara | • seara | • carrasco |
| • sapo | • veiga | • queiroga |

3 Copia os enunciados escribindo as maiúsculas que sexan precisas.

- o poeta manuel antonio, natural de rianxo, escribiu a obra de catro a catro.
- serán atendidos pola dra. veiga no hospital clínico.
- o día da paz celebrouse cun recital poético no museo do pobo galego.
- o santuario da nosa señora da barca está no concello de muxía.
- o xornalista raimundo garcía domínguez, máis coñecido como borobó, faleceu en 2003.
- os ríos ulla e umia desembocan na ría de arousa.
- presentou o acto o sr. mosqueira, xornalista da revista tempos novos.
- non se fale máis! iremos todos ao partido do obradoiro en santiago.

4 Determina cal é a modalidade das seguintes oracións. A continuación, transfórmala para que se adapten á modalidade indicada en cada caso.

- Talvez non chegase a tempo para coller o tren. → MODALIDADE INTERROGATIVA.
- Virás patinar conmigo esta tarde? → MODALIDADE DESIDERATIVA.

5 Le o inicio desta versión do conto de Cinsenta e responde.

Era unha vez unha moza chamada Cinsenta. A súa nai biolóxica morrera cando ela era moi pequena. Poucos anos despois, seu pai casou cunha viúva que tiña dúas fillas maiores. A nai política de Cinsenta tratábaa con notable cruidade, e as irmás políticas facíanlle a vida sumamente dura, coma se tivesen nella unha empregada persoal sen dereito a salario.

JAMES FINN GARNER,
Contos infantís politicamente correctos (adaptación)

- Quen é o protagonista ou a protagonista do conto? A que situación desfavorable ou conflitiva se enfrenta?
- Que personaxes actúan como antagonistas no conto? Xustifica a resposta.
- Lembras algún personaxe secundario máis deste conto?
- Que tipo de narrador relata os feitos?

- Reescribe o fragmento desde o punto de vista dunha narradora interna protagonista. Para iso, emprega a primeira persoa.